CONSIDERACIONES CAPÍTULO 3 MEMORIA CES 2020

A crise económica e social provocada pola pandemia da Covid-19 supuxo unha recesión sen precedentes a nivel mundial. O CES quere chamar a atención sobre o contexto de incerteza que se abre entre nós, debido, entre outras cuestións á descoñecida duración da crise, o impacto desigual nos sectores e a diferente evolución da situación sanitaria (ritmos de vacinación e novas cepas) van ser determinantes. É por elo que as políticas económicas postpandemia deben ser áxiles, expansivas e contundentes para poder regresar á senda do crecemento económico estable.

En opinión do CES, a presencia no noso tecido empresarial dun elevado número de empresas de pequeno tamaño y de persoas autónomas fíxonos máis vulnerables ante a crise, polo que é necesario un plan de rescate que permita minimizar o seu risco de insolvencia e, polo tanto, de peche.

O CES manifesta a súa preocupación sobre a mala evolución de todos os sectores da economía galega e en especial, o sector industrial e o comercio e entende que deben poñerse en marcha todas as medidas de apoio e os instrumentos orzamentarios necesarios con axilidade para reactivalos con fortaleza e dinamismo.

O turismo é, en opinión do CES, un sector que cada vez aporta maior valor á economía galega, por elo é importante apoiar a súa consolidación como articulador do tecido socioeconómico do noso territorio.

Os Fondos do Plan de Recuperación, segundo o CES, son unha oportunidade para a nosa economía pero deben ser empregados nunha dobre vía, por un lado para corrixir os nosos desequilibrios estruturais e por outro para adaptarnos ás novas tendencias (dixitalización, economía verde,…) que permitirán ás empresas ser máis competitivas.